

Introducción a L^AT_EX para lingüistas

Presentación

L^AT_EX é un sistema sofisticado para a preparación de documentos que separa os labores de introdución do contido e de formato do texto. Ofrece uniformidade de estilo, soporte bibliográfico, seguimento de referencias e grandes capacidades para a estruturación de documentos complexos. L^AT_EX axuda a centrarse no contido e a non preocuparse da presentación.

O obxectivo deste curso é ofrecer unha introdución ao sistema de composición de textos L^AT_EX. Será de especial interese para persoas que estean a realizar a súa tese de doutoramento e/ou que traballen no ámbito da lingüística, mais pode servir de introdución para calquera persoa que non coñeza L^AT_EX.

Contidos:

- 1 Introducción a L^AT_EX
 - 1.1 Presentación: que (non) é L^AT_EX?
 - 1.2 Principios básicos de L^AT_EX
 - 1.3 A tese (ou libro) en L^AT_EX
- 2 Lingüística con L^AT_EX
 - 2.1 Transcrición fonética
 - 2.2 Árbores sintácticas
 - 2.3 Exemplos enumerados e glosas
- 3 Bibliografía en L^AT_EX
 - 3.1 Xestión da información bibliográfica
 - 3.2 Referencias bibliográficas
 - 3.3 O formato das citas

Datas: 23 a 25 de marzo

Horario: 16:00h a 20:00h

Lugar: Facultade de Filoloxía (Aula de informática D02)

Docente: Vítor Míguez (vitor.miguez@usc.gal)

Materiais

A aula conta con equipos informáticos propios. No curso empregárase o editor en liña Overleaf (é gratuíto pero require rexistrarse, <https://www.overleaf.com/>). Traer un equipo propio tamén é unha opción e, neste caso, pódese empregar Overleaf ou instalar unha distribución T_EX para o sistema operativo correspondente: as recomendadas son MiKTeX para Windows, MacTeX para Mac OS e TeX Live para Linux (véxase <https://www.latex-project.org/get/>). Xunto a isto, conviña instalar un editor de L^AT_EX (recoméndase T_EXstudio, <https://www.texstudio.org/>, pero existen moitos outros).

Inscrición

As persoas interesadas en asistir ao curso deben cubrir o formulario en liña antes do 21 de marzo. A matrícula realizarase tendo en conta a orde de inscrición ata alcanzar as 20 prazas.

Formulario en liña: <https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4EIw5c3RHe5j2jPI7sLdKhWCn5Puc0-RURTYwS1JCTExE0DBBSjM1Vk40U1dIOTdTSS4u>